

# **AXUDAS COMEDOR ESCOLAR XESTIÓN DIRECTA CORONAVIRUS: COVID-19**

## **1. A que persoas vai dirixido?**

A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas as familias do **alumnado que ostenta a condición de gratuíto e do que por renda familiar resulta pagador de 1 euro** nos centros educativos públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria e no ensino secundario obrigatorio.

**E dicir, a familias que durante o curso escolar non pagan ou pagan 1€ polo comedor.**

## **2. En que consiste a axuda?**

As axudas económicas previstas consisten nunha compensación do custo diario do menú por comensal, entendido como o servizo de comida ao mediodía, e polos días de lectivos de suspensión da prestación do servizo como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

E dicir, axúdase economicamente a manutención do alumno/a que é o que se viña a facer no centro educativo, por iso non pagaba os 4,50€ de comedor por día que sería o tope máximo a pagar.

## **3. Que axuda se vai a percibir?**

(2,50 €) no casos de alumnado gratuidade total  
(1,50 €) para o alumnado que paga 1€

## **4. Qué días cubre esta axuda?**

Marzo: *dende o día 16 ata o 31 de marzo: en total só 11 días lectivos.*

Abril: *dende o 1 ó 3 de abril: en total só 3 días.*

Prórroga: *si se prolonga outros 15 días cubriría (días lectivos) ata o 1 de maio (non incluído por ser festivo)*

## 5. Como se vai a pagar?

En dous pagamentos.

1º pagamento: polo período de marzo e o de abril ata semana santa (3 abril).

2º pagamento: si se prorroga unha terceira situación de alarma ata o 1 de maio.

## 6. Quen son os beneficiarios?

Familias que cumpren os requisitos económicos (punto 2) cun ou máis fillos escolarizados en centros educativos ó cargo da Consellería de Educación.

## 7. Como presentar a solicitude e qué prazo hai?

Presentación: Forma electrónica de dúas formas:

1 . Formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para iso é necesario ter certificado dixital, ou a chave 365. **Prazo: do 31 de marzo ao 6 de abril**

2. Dirección do centro: enviando un correo electrónico a [cpi.alcalde.pichel@edu.xunta.es](mailto:cpi.alcalde.pichel@edu.xunta.es) cos seguintes datos:

DNI do pai ou nai:

Pagamento: gratuidade total ou abono de 1€

Nome do alumno/a:

Nome do pai/nai:

Número de cuenta bancaria:

**Neste caso o prazo será do 31 de marzo ao 3 de abril (ambos inclusive)**

Para posibles incidencias, podedes chamar ao teléfono do centro (881880536) en horario de 10:00h a 13:00h

## 8. Publicítase a resolución das familias beneficiadas?

NON, porque son datos de especial vulnerabilidade, entón non será exposto publicamente as familias beneficiadas de acordo artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Aclaración: cada familia saberá si é beneficiaria por ingreso de conta bancaria.

## 9. Canto tempo tarda en resolverse a resolución?

10 días, desde que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

## 10. Canto tempo tarda a Xunta de Galicia en aboar o pagamento?

5 días dende que salga a resolución.